

EDICTO

Mediante resolución da alcaldía, de data de 25 de Xaneiro de 2019 aprobáronse as seguintes:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE UN OPERARIO PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é convocar un proceso de selección por concurso-oposición para a contratación por este concello dun **OPERARIO PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO** para o control sanitario da auga do abastecemento municipal (cloración, recollidas de mostras para analíticas, lectura e control de contadores, confección de padróns, comunicación de averías do abastecemento e o saneamento do Concello, ...)
2. O contrato laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. 4. Sistema de selección: concurso - oposición.

SEGUNDA. Prazas que se convocan.

A praza obxecto desta convocatoria é a seguinte:

- **OPERARIO PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO:**
 - Contrato laboral: obra ou servizo determinado.
 - Xornada laboral: a tempo parcial (5 horas)
 - Duración: 12 meses.
 - Salario bruto mensual: 800 € en 14 pagas

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso de méritos deberán reunir, na data na que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Para optar á praza de Operario para o servizo de abastecemento de auga e saneamento, os aspirantes deberán estar en posesión do permiso de conducir clase B, ter o curso de mantemento hixiénico-sanitario de instalación de risco frente a lexiionella e o curso de manipulador de produtos fitosanitarios nivel cualificado.
- g) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración Pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de solicitudes.

CUARTA. Valoración do proceso selectivo.

FASE CONCURSO:

Os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 6 puntos.

- Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo traballado.
- Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,15 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), copia dos contratos de traballo ou certificación da Administración Pública. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraránse de xeito proporcional.

2. Formación: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos.

Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas función do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.
- Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso.
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

3. Carné de conducir superior ó esixido na convocatoria (máx. 1 punto):

Valoraranse os seguintes permisos de condución que estéan en vigor:

- C1: 0,25 puntos
- C: 0,5 puntos
- CE: 0,75 puntos
- C1E: 1 punto

4. Formación regrada: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou o certificado de profesionalidade relacionado coas profesións requiridas nestas bases:

- Titulación universitaria: 2 puntos
- Titulación de FP II ou ciclo superior: 1,50 puntos.
- Titulación de FP I ou ciclo medio: 1,25 punto.
- Certificado de profesionalidade relacionados co posto ofertado:
 - Nivel 3: 1 punto.
 - Nivel 2: 0,80 puntos.
 - Nivel 1: 0,60 puntos.

No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, soamente se valorará a de maior nivel.

FASE OPOSICION:

1. Proba teórica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 5 puntos. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un exame tipo test con 25 preguntas sobre coñecemento do territorio e materia relacionada co posto de traballo prevista no programa que se achega:

- 1) Instalacións de abastecemento de auga.
- 2) Instalacións de saneamento de augas residuais.
- 3) Recoñecemento de ferramentas e útiles.
- 4) Mantemento de instalación de abastecemento de auga
- 5) Mantemento de instalación de saneamento de auga
- 6) Avarías e reparación.
- 7) Manexo de maquinaria e ferramentas propias do mantemento das instalacións de abastecemento de auga e de saneamento de augas residuais.
- 8) Real decreto 140/2003, do 7 de febrero, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- 9) Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano 2016-2020 Xunta de Galicia.
- 10) Protocolos de inspección de zonas de abastecemento.
- 11) Mantementos preventivo e correctivo.
- 12) Prevención de riscos laborais e calidade. Nocións básicas.
- 13) Tasa fiscal e de servizo do abastecemento da auga de Cualedro.
- 14) Protocolo de xestión do abastecemento da auga potable de Cualedro.

- Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos.
- Cada resposta errada restará 0,25 puntos.
- Esta proba non é eliminatoria.

2. Proba práctica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 10 puntos. Realizarase unha proba práctica relacionada coas tarefas do posto obxecto de convocatoria de acordo co nivel e categoría do posto ou ben directamente relacionado cos cometidos a cumprir no que se valorará de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución.

- A puntuación mínima para superar esta proba será de 5 puntos.

- Esta proba é eliminatoria.

QUINTA. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1. O anuncio da convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Cualedro, na sede electrónica da páxina web do Concello de Cualedro (www.cualedro.es), así como no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (bop.depourense.es). As bases do proceso de selección estarán dispoñibles no Concello de Cualedro e na páxina web do Concello.

2. As solicitudes para participar neste concurso-oposición presentaranse, conforme ao modelo que figura como anexo I das bases, no prazo de 5 días hábiles no Rexistro xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ao Concello. O dito fax deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988424026).

3. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

- Anexo I
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (Anexo II).

3. Coa presentación da instancia (ANEXO I) para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptarán e acatarán todas e cada unha das bases desta convocatoria.

SEXTA. Tribunal de selección.

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e para os efectos de avaliar os méritos acreditados, reunirse unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Un Presidente: Abdón Fausto Diéguez André ou quen o substitua.
- Un Secretario-vogal: Paulino Fernández Salgado ou quen o substitua.
- Tres vogais: un técnico asesor especialista da Deputación Provincial de Ourense, Luis Viejo Rubio, MSol Quinteiros Gil e Sonia Zarraquiños Novelle.



A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación e as probas realizadas de acordo co baremo de méritos que figuran nestas bases.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán con voz pero sen voto.

SÉTIMA. Procedemento de selección.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Presidencia aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos ao concurso. A mesma resolución do alcalde conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Cualedro (www.cualedro.es), concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o alcalde ao nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista de similares características.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

NOVENA.- Normas supletorias de aplicación

En todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:

Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da mancomunidade de municipios da comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós (<http://www.mancoverin.es/category/novas/page/5/>)

b) Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

c) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

d) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

e) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

f) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI: _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____

EXPÓN:

Que informado da convocatoria para a selección de:

Operario para o servizo de abastecemento de auga e saneamento

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achego a documentación precisa para isto; e polo que,

Concello de Cualedro



SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de:

Operario para o servizo de abastecemento de auga e saneamento

Cualedro ____ de _____ de 2019

Asdo.: _____

AO ALCALDE DO CONCELLO DE CUALEDRO

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dna _____ con
DNI

_____ e con domicilio en _____

declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación dunha brigada municipal, asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Cualedro,.....de.....de 2019.

Concello de Cualedro



(Asinado polo/a interesado/a)

Así o acordou e asina o Sr. alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.